

BASES REGULADORAS PARA A CONTRATACIÓN CON CARÁCTER DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL A TEMPO COMPLETO DUN/UNHA EDUCADOR/A FAMILIAR E CREACIÓN DUNHA BOLSA DE TRABALLO.

1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.-

Constitúe o obxecto das presentes bases a contratación con carácter temporal e a tempo completo, dun/dunha educador/a familiar dentro do programa de educación familiar desenvolto neste concello, así como dotar a dito programa da correspondente Bolsa de Traballo ao efecto de poder facer fronte ás posibles necesidades temporais e esporádicas de persoal desta categoría que se poidan producir no futuro.

2.- FUNCIÓNS A DESENVOLVER.-

As funcións do posto de traballo son as propias do programa de educador familiar o cal ten como obxectivo a intervención social individualizada de carácter integral en núcleos familiares que se atopan en situación de dificultade social ou risco. Esta intervención recollerá tanto actuacións socioeducativas e asistenciais, como de inserción sociolaboral.

En concreto ao persoal seleccionado corresponderalle desenvolver, baixo a dirección do/a técnico/a do departamento de Servizos Sociais, entre outras, as seguintes funcións:

-desenvolvemento do programa para a educación familiar, que incluírá:

- a) Intervención personalizada con familias con diferentes necesidades, especialmente con aquelas que se atopen nunha situación social máis complexa.
- b) Intervención grupal para reforzar as competencias e habilidades traballadas nas actuacións individualizadas con diferentes membros das familias.
- c) Intervención educativa na comunidade, poñendo especial énfase na colaboración con outros programas comunitarios que primen a inserción social dos membros da familia en contextos de aprendizaxe.
- d) Detección temperá de necesidades educativas nas familias, atendendo á especial relación de coordinación coas escolas infantís e os centros educativos da zona.
- e) Deseño, posta en marcha e avaliación dos proxectos individualizados de intervención social coas familias e de programas preventivos e comunitarios en colaboración con entidades públicas e/ou de iniciativa social.
- f) Incorporación da perspectiva de xénero no traballo realizado coas familias.
- g) Emisión de informes sociofamiliares, en que se recollan os datos da intervención profesional levada a cabo coa familia.
- h) Coordinación con outros axentes que se relacionen coas familias desde outros ámbitos.
- i) Promoción do acceso das familias ás redes e recursos comunitarios.

-Colaboración e deseño de novos proxectos do departamento aportando coñecementos propios.

- Colaboración e coordinación en outros programas e servizos do departamento

3.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES.-

Os interesados en tomar parte nesta convocatoria deberán reunir antes de que remate o prazo de presentación de instancias os seguintes requisitos:

1. Posuír a nacionalidade española ou nacionais dos demais estados membros da Unión Europea nos termos establecidos na lexislación en vigor.
2. Ter capacidade para ser contratado de conformidade co disposto no Estatuto dos Traballadores.
3. Estar en posesión da titulación de educador social, psicoloxía, pedagogía, psicopedagogía, traballo social, así como os diplomados/as en maxisterio que con anterioridade ao ano 2004 viñan desenvolvendo o programas de educador familiar
4. Non padecer enfermidade ou defecto que impida o desempeño das correspondentes funcións.
5. Non ser separado, mediante expediente disciplinario, do servizo ao Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin se achar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas, tanto en España coma no seu Estado de orixe para os que non sexan españois.

4.- DURACIÓN, MODALIDADE CONTRACTUAL E RÉXIME RETRIBUTIVO.-

4.1. Duración e modalidade contractual.

A duración do contrato será inicialmente dun ano na modalidade de obra ou servizo determinado, a tempo completo e coa xornada e horario que se estableza polo responsable do departamento de servizos sociais, segundo as necesidades do servizo.

A duración do contrato está directamente relacionada coa persistencia da subvención necesaria para o seu funcionamento concedida pola Xunta de Galicia, polo que poderá prorrogarse en tanto se manteña dita axuda económica.

4.2. Réxime retributivo.

A categoría profesional do educador/a familiar será como mínimo, do grupo II e corresponderá coa diplomatura esixida

A retribución será de 1.428,58 € brutos mensual.

5.- PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS.-

5.1. Prazo e lugar de presentación.

As instancias para tomar parte a convocatoria deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello no prazo de dez días naturais dende o seguinte ao da publicación do extracto desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, en horarios de oficina de 9,30 a 14,00 horas, ou por calquera dos sistemas recoñecidos no artigo 38.4 na

Lei de Réxime Xurídico da Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común.

5.2. Documentación que debe acompañar a solicitude

A solicitude acomodarse ao modelo previstos nestas bases no Anexo I

As solicitudes deberán acompañarse da seguinte documentación:

- a) Fotocopia do DNI.
- b) Documentación que acredite a titulación esixida.
- c) Documentación que acredite os méritos que desexen alegar en relación coa función da praza para a súa valoración polo tribunal.

6.- LISTAS DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS.-

Finalizado o prazo de presentación de instancias publicarase no Taboleiro de Anuncios da Corporación a lista de admitidos e excluídos. Na mesma resolución farase pública a constitución do órgano de selección e o día e hora sinalados para o inicio do proceso de selección.

Os que resulten excluídos poderán presentar reclamación no prazo de tres días hábiles.

De non se formular reclamacións a lista entenderase que é definitiva; de existir algunha reclamación que supoña modificación da lista de admitidos e excluídos efectuaranse as correccións pertinentes e faranse públicas a través do taboleiro de anuncios da Corporación.

Igualmente se publicarán no taboleiro de anuncios do Concello as datas, lugar, resultados das probas que se realicen así como tódolos anuncios derivados da presente convocatoria.

7.- ÓRGANO DE SELECCIÓN.-

Estará constituído do seguinte xeito:

-Presidente: Un educador/a social ou un traballador/a social.

-Vogais:

1-A Técnico de emprego local do Concello.

2-Un funcionario ou persoal laboral fixo do concello ou doutra entidade local da provincia.

-Secretario: Secretario da Corporación ou persoal en quen delegue, (con voz pero sen voto)

Os vogais do órgano de selección deberán ter unha titulación igual ou superior á esixida para o acceso á praza convocada.

Para o mellor cumprimento da súa misión, os tribunais poderán solicitar e obter o asesoramento de especialistas naquelas probas en que o estimen necesario ou conveniente, os que se limitarán ao exercicio dos seus respectivas especialidades e colaborarán cos tribunais con base exclusivamente nestas.

En cada sesión do tribunal poderán participar os membros titulares, e se están ausentes, os suplentes, sempre e cando se fixera constar na acta de constitución do tribunal a súa participación de forma indistinta, agora ben, non poderán substituírse entre si na mesma sesión.

8.- PROCEDIMIENTO DE SELECCIÓN.-

O sistema de selección constará de dúas partes:

Primeira parte: valoración dos méritos alegados polos aspirantes de acordo cos seguintes criterios:

- Por titulación académica ata un máximo de 3 puntos:

a) educación social: 3 puntos

b) psicoloxía, pedagogía ou psicopedagogía ou traballo social: 2,5 puntos

c) diplomado en maxisterio (con experiencia no programa de educación familiar anterior ao 2004): 1 punto.

Acreditarase coa copia compulsada do título e no caso do diplomado en maxisterio certificado expedido polo organismo no que desenvolveu o programa con anterioridade ao 2004)

- Por experiencia profesional en posto de similar cometido e importancia en calquera Administración Pública, ou empresa privada, ata un máximo de 4 puntos a razón de:

1.- Por experiencia laboral na administración pública como educador/a familiar 1,5 puntos por cada ano completo traballado ou fracción equivalente en caso de períodos inferiores

2.- Por experiencia laboral na administración pública no departamento de servizos sociais como traballador/a social, pedagogo/a, psicopedagogo/a, ou similar 1 punto por cada ano completo traballado ou fracción equivalente en caso de períodos inferiores

3.- Por experiencia laboral como educadora familiar ou similar na empresa privada 0,5 puntos por cada ano completo traballado ou fracción equivalente en caso de períodos inferiores.

-A experiencia laboral fóra da administración acreditarase a través do certificado de vida laboral e correspondentes contratos nos que se acredite todo o tempo traballado e a categoría profesional.

A experiencia laboral na Administracións públicas acreditarase a través do correspondente certificado expedido polo órgano competente.

- Por formación complementaria: valoraranse cursos, formación e perfeccionamento, sobre materias directamente relacionadas coas funcións da praza convocada, organizados polas Administracións públicas, organismos públicos ou centros dependentes das mesmas o empresas o entidades habilitadas pola administración, ata un máximo de 2 puntos, a razón de:

por cursos ata 25 horas-----0,10 puntos

por cursos de 20 a 30 horas:-----0,20 puntos

por cursos de 30 a 60 horas:----- 0,30 puntos

por cursos de 60 a 100 horas: -----0,75 puntos

por cursos de máis de 100 horas:-- ----- 1 punto.

Se non se acredita a duración do curso valorarase coa puntuación mínima.

- Coñecemento acreditado do galego: ata un máximo de un punto.

a) Perfeccionamento ou nivel Celga 4: 1 punto

b) Iniciación ou Celga 3: 0,50 pts

Valorarase a de maior puntuación.

A formación complementaria e o coñecemento de galego acreditarase mediante fotocopia compulsada dos correspondentes títulos ou certificados.

Segunda parte: proba de coñecementos e entrevista curricular.

- a) Proba de coñecementos: Consistirá en contestar por escrito un cuestionario tipo test de 40 preguntas, con tres respostas alternativas das que só unha será a correcta, sobre o contido do programa especificado no Anexo III destas bases, Cada pregunta valorarase en 0,20 puntos. O tempo máximo para realizar este exercicio será dunha hora. A puntuación máxima desta fase será de 8 puntos. O aspirante quen non acade 4 puntos será eliminado do proceso selectivo.
- b) Entrevista curricular dirixida a apreciar a adecuación entre os méritos dos aspirantes e o perfil do posto. A entrevista persoal terá carácter obrigatorio e non eliminatorio e consistirá nunha serie de preguntas iguais para todos os aspirantes dirixidas a constatar o grao de coñecementos específicos relacionados coas tarefas do posto de traballo así como da súa idoneidade e dispoñibilidade para o posto de traballo. Valorarase ata un máximo de 2 puntos.

A puntuación total será a suma das obtidas nas dúas fases.

En caso de empate terá preferencia a maior puntuación obtida por experiencia profesional

9.- COMEZO E DESENVOLVEMENTO DO PROCESO DE SELECCIÓN.-

O órgano de selección constituirase para proceder a valoración de méritos no salón de sesións deste Concello o día e hora que se sinale na resolución polo que se faga pública a lista de admitidos.

-Valóranse os méritos dos aspirantes por orden de presentación de instancias no rexistro do Concello.

-Tribunal poderá requirir os aspirantes, en calquera momento, para que acrediten a súa identidade, ao fin da cal deberán ir provistos do DNI.

10.- PROPOSTA DE SELECCIÓN E CONFECCIÓN DA LISTA.-

Rematada as dúas fases de valoración o órgano de selección, fará públicas as puntuacións obtidas e formulará proposta de selección a favor do aspirante que obtivese maior puntuación.

Os aspirantes que non resulten seleccionados configurarán a Bolsa de Traballo obxecto deste proceso coa finalidade de cubrir as posibles vacantes, baixas ou necesidades puntuais e transitorias do servicio que se puideran producir durante a vixencia do contrato.

A publicación das puntuacións e proposta de selección, e lista de contratación publicarase no taboleiro de anuncios do Concello, e fronte as mesmas poderá formularse reclamación no prazo de tres días.

O nomeamento ou contratación, no seu caso, levará a efecto tan pronto se vaian producindo as vacantes que sexa necesarios cubrir por razóns de urxencia e necesidade e pola orde de puntuación alcanzada no proceso de selección realizado, previa a presentación da documentación requirida e esixida na devandita convocatoria unha vez se vaia formalizar a contratación.

11.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS.-

O aspirante proposto para ocupar a praza convocada, dentro do prazo de 10 días hábiles, a contar desde o seguinte ao da publicación da proposta de selección no taboleiro de edictos do Concello, deberá presentar os documentos acreditativos de reunir os requisitos da convocatoria, debendo presentar:

- a) Declaración de non ser separado mediante expediente disciplinario en calquera administración ou emprego público, así como de non se achar inhabilitado penalmente para o exercicio de funcións públicas. (Modelo Anexo II)
- b) Declaración de non se achar incurso en causa de incompatibilidade.(modelo Anexo II)
- c) Declaración de non ser separado mediante expediente disciplinario en calquera administración ou emprego público, así como de non se achar inhabilitado.(modelo Anexo II)
- d) Certificado médico acreditativo de non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o desempeño das correspondentes funcións.

12.- RESOLUCIÓN E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO .-

Á vista da proposta da Comisión de Valoración e constatado, mediante a documentación sinalada no apartado anterior, que s aspirantes proposto reúne os requisitos esixidos para o acceso a praza convocada, o Sr. Alcalde formalizará co aspirante seleccionado o correspondente contrato laboral temporal segundo o previsto na lexislación laboral aplicable.

Establecese un período de proba dun mes.

13.- RECURSOS E NORMATIVA .-

As bases da convocatoria, e cantos actos administrativos se deriven delas e da actuación do tribunal, poderán ser impugnados nos casos e na forma establecida pola Lei 30/92, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común.

No non sinalado nas presentes bases de selección estarase ao previsto na normativa básicas sobre selección de persoal ao servicio da Administración Local, a lexislación laboral vixente e demais normas que resulten de aplicación.

A Pastoriza, 26 de outubro de 2009

P.D

(Decreto de Alcaldía de 26 de xuño de 2007)

Asdo.:Elva Carrera González

Anexo I
CONTRATACIÓN TEMPORAL A TEMPO COMPLETO DUN/DUNHA
EDUCADOR/A FAMILIAR

Apelidos e nome:.....

D.N.I:.....Domicilio:.....Localidade:.....

.....CP.....Provincia.....Telefono.....

EXPÓN: Que tendo coñecemento da convocatoria para a contratación temporal a tempo completo dun/dunha educador/a familiar por ese Concello, e estimando que reúne as condicións esixidas na convocatoria para ser admitido/a o proceso de selección, o que se acredita mediante a documentación esixida nas bases de selección, as cales manifesta coñecer e aceptar integramente.

SOLICITA: ser admitido/a no proceso de selección alegando os seguintes méritos:

- Titulación

Educación social

Psicoloxía, pedagogía, psicopedagogía ou traballo social.

Diplomado/a en maxisterio con experiencia anterior ao 2004.

- Traballos na Administración en postos de similar categoría:

Administración: _____ = _____ anos

Administración: _____ = _____ anos

Administración: _____ = _____ anos

Administración: _____ = _____ anos

- Por traballos en postos de similar categoría no sector privado:

Empresa _____ = _____ anos

Empresa _____ = _____ anos

Empresa _____ = _____ anos

Empresa _____ = _____ anos

Empresa _____ = _____ anos

Empresa _____ = _____ anos

- Formación: cursos relacionados co posto de traballo:

Curso _____ duración: _____

Curso _____ duración: _____

Curso _____ duración: _____

Curso _____ duración: _____

Curso _____ duración: _____

Curso _____ duración: _____

Curso _____ duración: _____

Curso _____ duración: _____

Curso _____ duración: _____

Curso _____ duración: _____

- Coñecemento acreditado de galego

Perfeccionamento ou celga 4

Iniciación ou celga 3

A Pastoriza.....de.....de 200.....

(sinatura)

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DA PASTORIZA

Anexo II
Declaración

Apellidos e nome:.....

D.N.I:.....Domicilio:.....Localidade:.....

.....CP.....Provincia.....Telefono.....

DECLARA que no ten sido separado mediante expediente disciplinario do servico de ningunha Administración Pública, nin se atopa inhabilitado por sentenza xudicial firme, nin incurso en ningunha das causas de incapacidade e incompatibilidades para a función pública de conformidade coa lexislación vixente e que se compromete a cumprir todos os requisitos esixidos pola lexislación vixente en materia de contratación laboral.

A Pastoriza,de200.....

(sintura)

Anexo III

Programa

TEMA 1. O sistema público de Servizos Sociais. O sistema de Servizos Sociais na Comunidade Autónoma de Galicia. Organización e Distribución de competencias.

TEMA 2. Atribución de competencias en materia de protección de menores. Marco Normativo. Lei orgánica de protección do Menor e demais normativas en materia de protección de menores.

TEMA 3. Lei Galega de Familia, Infancia e Adolescencia. Lei de responsabilidade penal do menor. Axudas e programas da Administración para a integración do menor.

TEMA 4. O traballo en equipo dentro dos Servizos Sociais de Atención Primaria. Funcións e perfís dos distintos profesionais.

TEMA 5. O Municipio de A Pastoriza. Situación socio-económica. Problemática social e incidencia da mesma nos menores y adolescentes

TEMA 6. Os Servizos Sociais Municipais do Concello da Pastoriza: Prestacións e programas.

TEMA 7. Exclusión social. Marco conceptual de la exclusión social. Factores que inflúen na exclusión social. Áreas de actuación.

TEMA 8. A familia: Tipoloxía actual. Principais problemas familiares. Familias multiproblemáticas usuarias de Servizos Sociais: Definición e características.

TEMA 9. Os malos tratos no ámbito familiar. Factores que inflúen. Recursos dispoñibles e actuación a seguir.

TEMA 10. O maltrato infantil. Definición. Diferentes manifestacións e indicadores de maltrato e de menores en situación de risco e desamparo. Factores de risco e vulnerabilidade.

TEMA 11. Actuacións en situación de desprotección social do menor e medidas de protección. Aspectos xurídicos do maltrato ao menor. Deber de comunicación e segredo profesional.

TEMA 12. Intervención Familiar Sistémica. Avaliación Familiar: tipoloxía de familias. Técnicas de intervención.

TEMA 13. A Mediación Familiar: obxectivos, modalidades de intervención.

TEMA 14. O educador familiar. Areas de actuación no traballo con familias. Habilidades e técnicas de actuación do educador familiar no marco do traballo social, metodoloxía de intervención con familias multiproblemáticas e con menores desadaptados.

TEMA 15. Tutoría de adolescentes en situación de risco: encadre do recurso técnico; técnicas de intervención; intersección e coordinación con outras áreas. Estudo de factores que inciden no conflito.